

No Magosto Á FESTA

Vén tinxindo o Outono
co séu pincel invisible
as árbores do entorno,
A cada quén máis fachendoso;
primeiro, tócalle ó chopo
cun amarelo ouro.

Logo, tócalles ós piñeiros,
chántalles pendentes a reo.

Cubrindo os pés dos piñeiros
veñen os fentos de seu...

Os piñeiros entre fentos,
serven niscalos a centos.

As follas xa poden decidir:
Quedarse na árbore ou saír.

Pois, á festa do Outono
con choiva e raiolo,
todos e todas queren ir.

As follas dos castiñeiros
saúdan ós cogumelos:
¡Benvidos Boletus edulis
se non vides eiquí
non ides a ningures!

Van chegando os convidados...
Os castiñeiros xa están amañados,
e para agasallar a tódolos achegados,
gardan no séu peto moitos galanos.

EDI C. C.

